

PROXECTO LECTOR

1. INTRODUCCIÓN.

O principal obxectivo do Proxecto lector é o fomento da lectura. É este o obxectivo que consideramos máis ambicioso e máis difícil de poñer en marcha porque a realidade nos di que os rapaces cada vez len menos e ven máis televisión, que soamente len por obriga. Aínda con esas dificultades, dende o noso instituto consideramos vital afrontar o reto de promover o intenso pracer da lectura. Se os alumnos collen este hábito nestas idades en que están a forxar as súas personalidades, pensamos que non as deixarán nas súas vidas.

A filosofía do Proxecto Lector defende que a lectura é unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Este plan nace co obxectivo de mellorar esa competencia e fomentar o hábito lector do alumno. A mellor ferramenta da que podemos dispoñer os centros educativos para levar a termo ese obxectivo son as bibliotecas escolares. A biblioteca do noso centro está a levar a cabo un intenso labor dende hai uns anos participando no Plambe para dinamizar o seu uso a prol do fomento da lectura e da participación de toda a comunidade educativa nese proceso.

2. ACTIVIDADES POR DEPARTAMENTOS:

Este curso, a biblioteca fomentou a creación de diferentes blogs onde se recollen os itinerarios lectores de cada Departamento. Consequimos de momento, abrir un por Departamento agás en Educación Física, Relixión, Orientación e Física e Química.

Xunto coas consideracións xerais, achegamos en tinta vermella, as actividades concretas deste curso, o que constitúe, dentro do Proxecto Lector, o Plan Lector, que se revisa anualmente para ilo actualizalo cada curso e que serve de orientación para os vindeiros.

2.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

No relativo ao Proxecto Lector, no Departamento de Orientación centrámonos este curso na lectura de dossieres informativos acerca da orientación académico-profesional dos alumnos en 4º da ESO e en PCPI, así, ao mesmo tempo que lles asesoramos nas decisións relativas ao seu futuro académico, procuramos desenvolver algunhas estratexias que melloren a súa competencia lingüística.

Co mesmo obxectivo, en 3º de ESO, repartíronse uns folletos informativos sobre os itinerarios educativos para 4º curso e o Bacharelato.

2.2. DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O Departamento de Inglés está a colaborar na dinamización da biblioteca escolar dende hai varios anos apoiando actuacións de fomento da lectura e cooperando na apertura desta biblioteca ao resto da comunidade educativa.

O instrumento fundamental que temos é o itinerario lector que se plasma no blog do Departamento dependente do blog xeral da nosa biblioteca: <http://cataboisingleés.blogspot.com>.

Cada curso o equipo da biblioteca pensamos nun tema vertebrador para as distintas actividades que se van levar a cabo.

Este curso o tema foi a ciencia-ficción, de tal xeito que no noso departamento imos traballar con lecturas gradadas para os distintos niveis de

ESO en relación con este tema e a cultura anglosaxona. Concretamente podemos insistir nos grandes mestres da ciencia-ficción como H.G. Wells, Ray Bradbury, Isaac Asímov, etc.

Este curso, o departamento de inglés participamos na elaboración dun tríptico trimestral dentro do espazo da biblioteca escolar destinado a toda a comunidade educativa no que se fan referencia a efemérides de escritores en lingua inglesa como Mark Twain ou Jerome David Salinger.

2.3. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

É obxectivo primordial deste departamento o fomento da lectura en lingua francesa polas seguintes razóns:

- Supón unha forma de ver a lingua estranxeira en contexto.
- Amósalles aos alumnos unha variedade de lingua e un rexistro máis enriquecedor, en tanto que se empregan metáforas, dobres sentidos, ironías, ... que desenvolverán a competencia lingüística dos alumnos.
- Transmite contidos culturais e de civilización, e valores estéticos que incidirán directamente na súa competencia cultural e artística. A través de textos breves e poemas seleccionados, os alumnos achegaranse á historia da literatura francesa e á actualidade literaria nese país e na francofonía.
- Motiva os alumnos a produciren eles mesmos textos, aumentando así a súa autoestima, autonomía e iniciativa persoal.
- Promove a lectura autónoma no tempo de lecer, axudando a desenvolver a competencia para aprender a aprender.
- Mellora a comprensión, a atención e a capacidade de redacción.

O Departamento de Francés elaborou un itinerario lector para cada curso e utilizou o blog <http://cataboisfrances.blogspot.com> para dinamizalo.

As actividades que se levarán a cabo con tal fin son as seguintes:

- En 1º e 2º de E.S.O.: audición e explotación de *comptines* e cancións populares, a través da súa tradución e análise de figuras estilísticas e dos datos de carácter cultural. Lectura de fragmentos extraídos de *La Tour Eiffel* (Bazyli Solowji, ed. Longman) e de *Un voyage de rêve en France* (ed. Oxford). Lectura e explotación de poemas escollidos de Paul Laurel e Jacques Prévert.

- En 3º e 4º de E.S.O.: audición e explotación semellante de cancións actuais e da época dourada da canción francesa. De xeito máis sistemático, no caso de 4º de E.S.O., cada mércores leranse e analizaranse poemas escollidos de Jacques Prévert (*Paroles*), Paul Laurel (*Mots*) e Paul Éluard (*Au rendez-vous allemand*); fábulas de La Fontaine; fragmentos de *Le Petit Nicolas* (Gosciny, ed. Folio). Ao final de curso elaborárase un poema visual acompañado de imaxes ou ilustracións.

2.4. DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

A comunicación lingüística trabállase principalmente para que os alumnos aprendan a distinguir un texto científico, lelo comprensivamente, extraer del as ideas principais e emitir unha opinión con fundamento sobre o tema que trate. Esta faceta resulta importante dada a proliferación de textos científicos e pseudocientíficos na prensa e literatura actual. Tamén incrementa a riqueza de vocabulario e expresión coa achega de abundantes termos científicos.

Recomendamos algunhas lecturas para os alumnos máis interesados:

Sagan, Carl: *Contact* (Planeta).

Wells, H.G.: *La guerra de los mundos* (Planeta).

Sabadell, M.A. : *El hombre que calumnió a los monos* (Acento).

Mans, C.: *Tortilla quemada* (Colexio Oficial de Químicos de Cataluña).

Park, R.L: *Ciencia o vudú* (Debolsillo).

2.5. DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN.

Durante as clases dedicarase algún tempo á lectura tanto con finalidade didáctica como lúdica e utilizando tanto soporte impreso como dixital.

Con este fin utilizaremos os fragmentos que aparecen no libro de texto dos alumnos; a *Biblia*; historias e relatos sobre os valores humanos e temas transversais como a solidaridade, a paz, a educación cívica, o respecto ás opinións alleas,....

A finalidade destas actividades é conseguir que o alumno adquira un hábito de lectura, que sexa quen de facer unha lectura comprensiva do que está lendo, para iso ademais do expresado antes, faremos fincapé na lectura dos xornais, algo imprescindible hoxe en día para comprender moitas cousas que pasan no mundo: durante o curso haberá moitos días nos que os alumnos terán que ler o xornal para buscar noticias que teñan que ver con temas formulados pola profesora: noticias relacionadas coa violencia de xénero, co maltrato infantil, coas axudas ao terceiro mundo,...

Este Proxecto Lector partirá sempre da lectura en voz alta por parte dos alumnos para adquirir un mellor desenvolvemento da lectura comprensiva dos textos.

2.6. DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

O Proxecto lector inclúese no apartado da competencia en comunicación lingüística. A través de textos con actividades de exploración, trabállanse de forma explícita os contidos relacionados coa competencia lectora.

Ademais, para ampliar a competencia lingüística dos nosos alumnos, seleccionamos un texto por curso que se recomendará na clase, que sexa axeitado a idade de cada curso e que teña algunha relación cos contidos da nosa programación.

A biblioteca, por indicación de este Departamento, adquiriu estes e outros libros para o uso do alumnado.

Este itinerario lector dinamízase tamén coa ferramenta do noso blog:

<http://cataboistecnoloxia.blogspot.com>

2º ESO: Antonio Tello e Johanna A. Boccardo: *Me llamo Leonardo da Vinci* (Barcelona: Parramón, 2005)

3º ESO: Elvira Menéndez: *La máquina maravillosa* (Madrid: Bruño, 1999).

4º ESO: VVAA: *Los mejores relatos de ciencia ficción* (Madrid: Alfaguara, 1999).

Rematamos cunha listaxe de textos que poden servir de actividade de ampliación aos alumnos con máis curiosidade e motivación:

❖ Algunha biografía de xenios como Leonardo da Vinci, Einstein ou Bill Gates:

Lluís Cugota e Gustavo Roldán: *Me llamo Albert Einstein* (Barcelona: Parramón, 2007)

VVAA: *Atlas ilustrado de Leonardo da Vinci. Arte y ciencia. Las máquinas* (Madrid: Susaeta, s.a.)

David Marshall: *Bill Gates y Microsoft* (Zaragoza: Edelvives, 1995)

❖ Dúas obras do gran mestre do relato de ciencia ficción:

Isaac Asimov: *Robbie y otros relatos* (Barcelona: Vicens Vives, 2000).

Isaac Asimov: *Amigos robots* (Barcelona: Vicens Vives, 1999)

❖ Unha recopilación das biografías de grandes científicos en galego:

M^a Milagros Villanueva Rodríguez: *Doce grandes científicos* (Noia: Lóstrego, 2005).

❖ Dous libros de divulgación xeral enciclopédica onde poden consultar os aspectos do programa do noso Departamento.

Simon Eliot: *Todo lo que necesitas saber sobre el mundo* (Barcelona: Montena, 2008).

Kathy Wollard: *El libro de los porqués* (Barcelona: Oniro, 2004)

❖ Dúas series de breves monografías adecuadas para lectores xoves, unha máis antiga, pero non por iso obsoleta, e outra máis recente en mellor estado de conservación:

Alicia Rodríguez: *Pequeño Ingeniero. Máquinas y herramientas* (Barcelona: Parramón, 2003).

Alicia Rodríguez: *Pequeño Ingeniero. Electricidad y magnetismo* (Barcelona: Parramón, 2003).

Alicia Rodríguez: *Pequeño Ingeniero. Imagen y sonido* (Barcelona: Parramón, 2003).

Alicia Rodríguez: *Pequeño Ingeniero. Construcción y arquitectura* (Barcelona: Parramón, 2003).

Philip Chapman: *El joven científico. El libro de la electricidad* (Madrid, SM, 1979).

Kenneth Gatland: *El joven científico. El libro de las naves espaciales* (Madrid: SM, 1979)

Este curso a biblioteca mercou o libriño Experimentos sencillos con la electricidad de Glen Vecchione (Oniro, 2002) que tamén foi comentado no blog..

2.7. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Entre os obxectivos deste departamento, tanto por propia iniciativa dos seus membros como en cumprimento da lexislación vixente, está o do fomento da lectura.

Este obxectivo ten como prioridade que os alumnos e alumnas atopen na lectura un xeito máis de formarse e tamén de encher o tempo de lecer.

É importante que cando se atopen diante dun texto que faga referencia a aspectos científicos saiban diferenciar todo o que ten de falso e aquilo que é realmente veraz.

Así mesmo é importante que aprendan a sentir verdadeiro pracer viaxando a través das historias que nos contan os escritores.

Co fin de que se cumpran estes obxectivos levaremos a cabo as seguintes actividades:

Todos os temas comezarán cunha lectura en voz alta dun texto referente ao contido do mesmo por parte dos alumnos/as. Os temas completaranse con outras lecturas á metade e ao final.

Os alumnos/as terán que recoller dos xornais, internet, e mesmo das noticias de TV, resumos de textos relacionados con novas científicas.

A profesora de Bioloxía e Xeoloxía, membro moi activo do Equipo de Biblioteca dende fai anos, impulsou a creación dun blog do Departamento: <http://cataboisbioxeo.blogspot.com> onde vai volcando moitas actividades para cada curso.

Os alumnos de 4º da ESO van traballar o seguinte texto: “La deriva de los continentes”. Gille, Didier. Ed. S.M. Lerán o texto, farán un resumo subliñando todo aquilo que lles chame a atención e logo manteremos un pequeno debate sobre a lexitimidade científica no momento actual das ideas do libro.

2.8. DEPARTAMENTO DE LENGUA CASTELLANA

La expresión “lecturas obligatorias” condiciona muchas veces la relación del alumno con el libro que va a leer, por eso se procura que estas lecturas sean lo más atractivas posibles en todos los sentidos: tema, edad de los protagonistas, éxito y popularidad de las obras. Siempre tratamos de elegir lecturas de publicación reciente; que sean o hayan sido un éxito editorial o un éxito entre alumnos de cursos pasados. Todos sabemos que hay “clásicos” de la literatura adolescente que tienen por su temática un funcionamiento seguro. Lo que sucede es que muchas veces estos clásicos nos cansan (por repetidos) a los docentes. La asociación entre obligatoriedad y novedad es fundamental, combinada con éxito y popularidad de la obra. Que los alumnos puedan encontrar reseñas en Internet sobre las obras que leen; que estas estén en los escaparates de las librerías de su barrio o del centro de su ciudad; que las lecturas les conecten de forma inmediata con su realidad; que

vean que cada año académico es nuevo, único... Así incluso alumnos que repitan curso sabrán que las obras del curso siguiente son nuevas porque la vida se renueva cada cierto tiempo y hay modas, tendencias literarias y temáticas en unas épocas y no en otras.

La idea es que la obligatoriedad se dulcifique por cómo se plasma después: te obligo a leer este libro pero en unas condiciones de lectura y de interés que hacen atractiva e interesante su lectura.

Nuestro objetivo sería recuperar también cada año a los clásicos de la literatura juvenil de toda la vida porque sabemos que un texto de Stevenson, Dumas o Balzac son mucho más ricos, técnica y léxicamente que una obra de Cornelia Funke (con toda la calidad que tenga su trama y su estilo atractivo para las generaciones actuales).

Tratamos también de recuperar la idea de taller de lectura. Las piezas fundamentales de este taller son los libros en primer lugar; libros que esperan en sus estanterías a ser depositados en la mano de un alumno preparado para ser lector gracias a la labor de esos intermediarios atentos que debemos ser los docentes.

Es absolutamente imprescindible evaluar el éxito y el fracaso de las lecturas; analizar las causas: por qué determinados libros triunfan en un centro y fracasan en otro...

Vamos a inculcar el amor a la lectura con clases dedicadas íntegramente a la lectura en voz alta para contribuir a una mejor dicción y entonación de los textos. También se fomentará la lectura silenciosa individual con un plan de lecturas adecuados a las edades y gustos de cada grupo. En cada trimestre se propondrán uno o varios libros y se realizarán trabajos de

puesta en común y de evaluación de la comprensión lectora: actividades de comprensión, de lectura, de creación, de comentario de texto.

Nuestro nuevo blog de lengua castellana y literatura ayudará a trabajar mejor nuestro itinerario lector:

<http://cataboislenguacastelana.blogspot.com>.

En particular, por cursos y trimestre relacionamos las actividades de lectura, muchas de ellas relativas a nuestro eje temático: la ciencia-ficción:

Primer trimestre:

En 1º leímos durante todo el curso *Amigos Robots* de Isaac Asímov (Ed. Vicens Vives). La lectura se realizará colectivamente y en voz alta para corregir la dicción y valorar la entonación de cada alumno. Se trabajarán cuestiones de lectura comprensiva, en torno al argumento, la estructura, el tema. Se ha elegido este libro como exponente de literatura juvenil sobre el tema eje de este curso, la ciencia-ficción. Se evaluará el trabajo en torno a esta lectura con un 20 % de la nota de la asignatura.

En 2º leerán *Amigos Robots* de Isaac Asímov (Ed. Vicens Vives), un gran autor anglosajón de literatura de ciencia-ficción y de divulgación científica. Dentro de su amplia obra, estos dos relatos están adecuados a la edad de nuestros alumnos y presentados en una edición para jóvenes con atractivos dibujos y un apéndice de actividades. Además, su contenido es muy adecuado para reflexionar en aspectos transversales tales como la influencia de la tecnología en la vida humana, o a dónde va nuestro mundo. Dicha lectura se manda para casa como tarea del trimestre. En el mes de diciembre se dedicará una clase para preparar el trabajo que deben realizar sobre el libro. En él tendrán que tratar estos aspectos: ficha bibliográfica, biografía de

la autora, tiempo de la narración cronológico y psicológico, ambientes, descripción física y psicológica de los personajes, resumen del argumento y opinión personal. Todo ello lo presentarán antes de la evaluación de una manera atractiva, ordenada y correcta. La nota de este trabajo es imprescindible para aprobar la evaluación.

En 3ª A y B: Se lee una novela de Jules Verne, el padre de la ciencia-ficción: *De la Tierra a la Luna* (Editorial Anaya). Esta versión no es adaptada y puede que, al tratarse de un autor decimonónico y a pesar de su fama de clásico juvenil, los alumnos tengan problemas de comprensión. Pero aún así, queremos que se enfrenten a un texto con abundantes datos científicos o pseudocientíficos y sean capaces de desentrañar su contenido. Los alumnos deben presentar un trabajo al término de la primera evaluación del tipo: Introducción biográfica, resumen del argumento, temas fundamentales, personajes, espacio y tiempo, opinión personal. Serán evaluados con un 20% de la nota y sin ellos no se podrá aprobar. La profesora orientará a través del blog de lengua castellana de algunos aspectos del autor y su obra y luego reseñará los mejores en el mismo. También decorarán nuestras aulas.

En 3º DC se leerá *El niño con el pijama de rayas* de John Boyne (Ed. Salamandra). Con este libro trabajamos el contexto histórico, y tratamos el tema de la responsabilidad ante los hechos y la necesidad de preguntar y querer saber...

Se realiza un examen en el que deben demostrar que lo han leído. Una vez corregido el control de lectura se comenta el libro en clase destacando aspectos como argumento, personajes, estructura, estilo, etc. En

el total de la nota de la evaluación contabiliza un punto y es requisito imprescindible para aprobar.

En 4º A y B leímos *El perfume* de Patrick Süskind (Seix Barral, 2005).

Consideramos que en este curso ya no se deben usar guías de lectura. El alumno tiene que enfrentarse ya al libro como artefacto creado como una empresa editorial que tiene una línea determinada y unos gustos y preferencias. Se habla de las editoriales más conocidas, de las que editan las obras del curso; del tamaño del libro y del valor del mismo; del libro como objeto (su forma, su portada y contraportada); de su estructura interna y externa... Todos estos datos se van salpicando de vez en cuando. Se le recuerda la lectura, la importancia de elaborar un vocabulario personal del libro, así como un resumen del argumento o mapa conceptual de los personajes. Se le habla también de la importancia de la relectura; de que las lecturas obligatorias propician una segunda e incluso tercera relectura, en la que se repasa la comprensión del argumento, léxico que pasó desapercibido en una primera ocasión... Esta dinámica les prepara para el futuro examen de la lectura, que se divide en tres partes: léxico fundamental, comprensión textual y localización interna y dominio del libro. Cada lectura tiene tres notas posibles, apto, no apto y aumento de nota en la evaluación. Apto: el alumno supera el examen del libro. No apto: el alumno tiene que repetir el examen de lectura. Aumento de nota: Si realiza un buen examen, se aumenta entre 0,5 y 1 en la nota de evaluación. Además de las lecturas obligatorias, cada lectura que realice el alumno, de entre las recomendadas en clase con la presentación de un breve trabajo final, así como el visualizado de películas relacionado con el programa de tercero, podrá influir claramente en la nota de

evaluación (entre 0,25 y 0,5). Se trata de que el alumno sume y potencie su aprobado con su trabajo diario y que vea como éste le ayuda no sólo a aprobar, sino también a elevar su media de evaluación.

Las lecturas de 4ºDC se han especificado en el apartado correspondiente al Departamento de Lingua e Literatura Galega.

Segundo Trimestre:

En 1º seguimos con la lectura en clase del libro de Isaac Asímov: *Amigos Robots* (ed. Vicens Vives).

En 2º no propondremos este trimestre una nueva lectura pues trabajaremos la obra de teatro para el Día del Libro, basada en el relato de Isaac Asímov "Robbie".

En 3ºA y B se leerá *Sin noticias de Gurb* de Eduardo Mendoza (Ed. Seix y Barral), de las pocas obras con temática de ciencia-ficción en nuestra literatura. A partir del trabajo de los alumnos, similar al del primer trimestre, elaboraremos una adaptación para el Día del Libro.

En 3ºDC se lee la obra de Santiago Lopo *Game over*, autor que nos visitó durante este trimestre lo que supuso un incentivo enorme para los alumnos. Además, se enmarca dentro de la temática anual de la ciencia-ficción. Seguimos el mismo procedimiento de evaluación que en el trimestre anterior.

En 4º A y B leyeron *La mecánica del corazón* de Mathias Malzieu (Ed. Mondadori, 2009), con la intención de aproximarles los autores y textos más novedosos.

Tercer Trimestre:

En 1º se leerá, del mismo modo que en los trimestres anteriores, la obra de Isaac Asímov.

En 2º cada alumno leerá un texto de ciencia-ficción a elegir entre estos: *De la Tierra a la Luna* de Jules Verne (versión adaptada de ed. Zeta), *Crónicas Marcianas* de Ray Bradbury (Ed. Minotauro), *Soy leyenda* de Richard Matheson (Ed. Booket), *Perfección* de Scott Westerfeld (Ed. Montena), novela reciente para público juvenil en la línea de las de Stephenie Meyer, en la que en un mundo futuro los adolescentes son obligados a operarse para ser perfectos y un grupo de resistentes se oponen a ello.

En 3ºA y B, teníamos programado la lectura de *La guerra de los mundos* de H.G. Wells (Ed. Anaya), gran autor de ciencia-ficción, pero tras el fallecimiento de Miguel Delibes, propusimos leer una obra suya y elegimos *Cinco horas con Mario* (Ed. Destino). Esta vez los alumnos tenían la opción de presentar trabajo, como hasta ahora, o presentarse a un examen de lectura. Esta obra les está costando por su estructura de monólogo pero la experiencia de leer a un gran maestro de la prosa castellana compensa este esfuerzo. El blog de lengua castellana les aporta datos sobre la vida y obra del escritor vallisoletano.

En el Ámbito Lingüístico de 3º DC se lee una obra del autor gallego Agustín Fernández Paz a elegir entre *Aire negro* o *Cartas de invierno* (Ed. Xerais). El procedimiento de evaluación sigue siendo el mismo de los trimestres anteriores.

En 4ºA y B se leerá *Todo por una chica* de Nick Hornby (Ed. Anagrama, 2009). obra muy actual y de temática muy interesante para el público adolescente. El procedimiento de evaluación será el mismo que en las

evaluaciones anteriores. Además, se les facilitan otros dos títulos más por si quieren subir nota. Se trata de otras dos novedades editoriales muy interesantes que tratan temas de actualidad para los adolescentes como los ídolos juveniles, el amor, la magia, pero con un estilo cuidado que los aleja de la subliteratura de consumo juvenil. Hablamos de *El frío modifica la trayectoria de los peces* de Pierre Szalowski (Ed. Grijalbo, 2009) y *Flavia de los extraños talentos* de Alán Bradley (Ed. Planeta, 2009).

2.9.DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA.

O proxecto lector da materia de Educación Plástica e Visual tanto en primeiro de ESO, como en terceiro seleccionará lecturas que teñan estreita relación coa materia, pero tamén con aquelas que poidan espertar o seu interese, a súa imaxinación e a súa sensibilidade.

O blog de plástica (<http://cataboisplastica.blogspot.com>) achega algunhas suxestións.

Algunhas das lectura escollidas son as seguintes:

PRIMEIRO DE ESO:

-*Rojo Azul y un poco de Amarillo*. B. Sortland y L. Elling. (Ediciones de la Torre).

-*Los Colores*. M. Felix (Editorial Lumen).

-*Alfanhuí*. R. Sanchez Ferlosio (Ediciones Destino).

-*Calvin y Hobes*. Bill Waterson

-*Cuentos en verso para niños perversos*. Roal Dahl (Editorial Alfaguara).

TERCEIRO DE ESO:

-*Mujeres Artistas* . Uta Grosenick (.Ed.Taschen).

- Cuento azul*. de Margerite Yourcenar (Aguilar).
- Psicología del color*. de Eva Heller (Ed.Gustavo Gili).
- Dibujos* de Paul Klee (Ed.Gustavo Gili).
- Obra gráfica de Pablo Picasso* (Ed.Gustavo Gili).
- Estigmas* de Mattotti y Piersanti. (Ed. Inrevés).

2.10 DEPARTAMENTO DE MÚSICA.

O Proxecto Lector da materia de Música abarca segundo, terceiro e cuarto de ESO.

A profesora deste Departamento traballa xa hai moitos anos no Equipo de biblioteca e no blog xeral da mesma –na sección “Ondas y esferas”- e no particular de música (<http://cataboismusica.blogspot.com>) recomenda audicións e lecturas constantemente para que os rapaces comprendan a íntima conexión entre letra e son e para que relacionen os conceptos aprendidos na nosa área cos traballados en outras como Lingua Castelá e Literatura.

Diariamente, da seguinte selección de lecturas elixiremos uns fragmentos que se lerán ao comezo de clase. Sobre algúns destes textos, a profesora mandará traballos individuais para realizar na casa que serán avaliados. Para segundo curso, seleccionamos algúns *Cuentos* de Hoffmann e algúns poemas da produción de Mallarmé. Para terceiro curso, sinalamos da listaxe adxunta os libros correspondentes por trimestres: no primeiro trimestre, ata Fray Luis de León; no segundo trimestre, dende Tomás de Iriarte ata Satie; por último, no terceiro trimestre, dende Nietzsche ata James Joyce. Para cuarto curso, lemos os textos que se refirence á música moderna popular, é dicir, dende Faulkner ata Coppola.

Selección das lecturas escollidas e cuxa información está ampliada no noso blog:

1. Hildegard von Bingen: *Obra poética y musical*.
2. *Cantigas* de Alfonso X y *Cantigas de Amor* de Martín Códax.
3. Arcipreste de Hita. *El Libro de Buen Amor*.
4. B. Castiglione. *El Cortesano*.
5. Fray Luis de León. *Oda a Francisco Salinas*.
6. T. de Iriarte. *La Música*.
7. E.T.A. Hoffmann. *Cuentos de Música*.
8. E. Moricke. *Mozart, camino a Praga*.
9. J. W. Goethe, Heine y otros. *Poemas para lieder*.
10. De Lamartine. *Meditaciones poéticas*.
11. F. Hebbel. *Los Nibelungos*.
12. G. Sand. *Un invierno en Mallorca*.
13. S. Mallarmé. *Poesía*.
14. E. Satie. *Memorias de un amnésico*.
15. F. Nietzsche. *Sobre ópera*.
16. Holderling. *Pelléas e Mellisande*.
17. L. Russolo. *Manifiesto de los ruidos*.
18. T. Mann. *Doctor Faustus*.
19. T. Tzará. *Manifiesto Dadá*
- 20.. A.Huxley. *Contrapunto*.
21. J. Joyce. *Ulises*.
22. W. Faulkner. *El sonido y la furia*.
23. G. Diego. *Escritos sobre música*.

- 24. A. Carpentier. *Concierto barroco*.
- 25. J. Cortázar. *El perseguidor*.
- 26. J. Kerouac. *Los subterráneos*.
- 27. R. Char. *Poemas musicalizados por Boulez*.
- 28. J. Cage. *Silencio*.
- 29. S. Eisenstein. *Sobre Música y Cine*.
- 30. F. F. Coppola. *Sobre música y Cine*

2.11. DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS

Co fin de garantir e asegurar as competencias básicas en canto á comprensión lectora dos alumnos do IES “Catabois”, o Departamento de Ciencias Sociais colabora activamente no funcionamento da Biblioteca Escolar, así como nas actividades que desde o centro se programan.

- Respecto á Biblioteca Escolar:
 - Participación activa no Club de Lectura
 - Participación activa no Concurso da Biblioteca.
 - Mantemento do blog de Ciencias Sociais onde se presentaban

libros relacionados con distintas épocas históricas: Antigüidade, Idade Media, Idade Moderna...

(<http://cataboiscienciassociais.blogspot.com>)

- Respecto ao Instituto en xeral:
 - Participación nas actividades programadas para a elaboración do Día do Libro durante o mes de abril, e nas actividades para a celebración do Día das Letras Galegas no mes de maio.
- Actividades na aula:
 - Para todos os cursos:

- ✓ Lectura diaria dos libros de texto
- ✓ Lectura de textos literarios, históricos, ensaísticos, xornalísticos e xeográficos relacionados coa materia a impartir (Historia, Ética, Xeografía, Educación para a Cidadanía)
- ✓ Comentario oral ou por escrito dos citados textos
 - Para tal fin utilízanse os recursos propios do departamento, da biblioteca do centro, así como os que de maneira persoal poidan fornecer os profesores.

En Educación para a Cidadanía (2º ESO) e Ética e Cidadanía (4º ESO) trabállase co xornal “La Voz de Galicia”, do que se entrega un exemplar a cada alumno un día á semana.

En Diversificación Curricular (4º), ademais dos libros de lectura obrigatoria no ámbito sociolingüístico, dedícase unha hora semanal á lectura e comentario dos libros de Fernando Savater: *Ética para Amador* e *Política para Amador*. O libro permite aproximarnos a un novo xénero literario: ensaio. As aprendizaxes que da súa lectura poden obterse son moitas e moi apropiadas ante os grandes retos que supón a adolescencia. Ao tempo é un punto de partida para o coñecemento de grandes filósofos e de piares básicos na conformación da civilización occidental como son a Biblia –na que buscamos os fragmentos orixinais que o libro cita- e a mitoloxía clásica. O mundo dos mitos gregos resulta tan atractivo que se lles poden dedicar varias sesións para lectura e comentario.

Neste mesmo curso, e para completar os coñecementos sobre Historia, Arte e Lingua, resérvase unha hora semanal (os venres) para ler comentar textos sobre mitoloxía greco-latina, pasaxes do Antigo Testamento e lendas e tradicións galegas.

2.12. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

O noso Departamento fomenta a lectura constantemente. Apoia as actividades da biblioteca (a cuxo Equipo pertencen dous dos tres profesores do Departamento) e traballa no Equipo de Normalización Lingüística.

A Actividade culminante de todos estes esforzos a constitúe a Semana das Letras Galegas, **este ano dedicada ao escritor Uxío Novoneyra**. Na que se fan exposicións, conferencias, charlas, obradoiros, etc.

Este curso botou a andar o blogue (<http://linguaeliteratura.blogspot.com>) co obxectivo de ser unha canle máis de información onde se recomendaron libros, onde se recolleron as impresións das visitas dos autores, de contacontos... que este departamento promoveu, ben en solitario, ben en coordinación con outros en actividades puntuais.

RELACIÓN DE LIBROS PARA 1º CURSO DA ESO:

Primeira avaliación:

Anxo Fariña: *Os megatoxos. O aprendiz de druída.* (Ed. A nosa terra).

Este autor veu ao noso centro e deu unha charla moi amena na que falou da súa obra e debuxou algúns dos personaxes.

Avaliarase esta lectura mediante un exame tipo test que contará dous puntos da nota da avaliación.

Segunda avaliación:

Anxo Fariña: *Os megatoxos. E a espada esmeralda* (Ed. A Nosa Terra) Farase o mesmo tipo de exame da primeira avaliación.

Terceira avaliación:

Agustín Fernández Paz: *O raio veloz*, Oxford, 2006. Farase o mesmo exame tipo test da lectura anterior.

RELACIÓN DE LIBROS PARA 2º CURSO DA ESO:

Primera avaliación:

Marilar Aleixandre: *A banda sen futuro*, Xerais, 2002.

Faremos un exame tipo test para comprobar o grado de asimilación da lectura. Tamén contará dous puntos na nota de avaliación.

Segunda avaliación:

Christine Nöstlinger: *Intercambio cun inglés*, Oxford, 2006.

Faremos un traballo no que se analizará o contido obxectivo e subxectivamente. Tamén se traballarán aspectos de argumento, personaxes e estilo da autora.

Terceira avaliación:

DOCAMPO, Xavier P.: *Cando petan na porta pola noite*, Xerais, 2000.

Faremos un exame que consiste un resumo dos catro relatos que conforman o libro e logo unha posta en común.

RELACIÓN DE LIBROS PARA LER EN 3º CURSO DA ESO:

Os libros de lectura fican distribuídos da seguinte maneira para cada unha das avaliacións:

1ª avaliación:

Leron *Game over* de Santiago Lopo, autor que nos visitou e entusiasmou a todos.

2ª avaliación:

Fixemos un traballo en grupo coa seguinte metodoloxía:

ASIGNACIÓN DAS NOVELAS:

➤ Establécense grupos de lectura en cada unha das clases, os cales son formados voluntariamente polos propios alumnos.

➤ Unha vez feitos os grupos, procédese ao sorteo dos catro libros que están propostos na avaliación, de modo que a cada grupo lle corresponda a lectura obrigatoria de 1 único libro por avaliación.

PROCEDIMENTO A SEGUIR NA LECTURA:

➤ Existirá a modalidade de lectura individual feita fóra da aula:

▪ O grupo de lectura elaborará un cuestionario coas dúbidas, dificultades, etc. que puido ter encontrado.

▪ Elaboración dun bosquexo previo ao traballo.

➤ Existirá a modalidade de lectura individual dentro da aula:

▪ O grupo formulará preguntas ao profesor sobre problemas diversos relacionados co proceso de lectura, dúbidas, impresións, etc.

▪ Elaboración do traballo escrito (que se poderá, e deberá, seguir tamén fóra da aula).

EXPOSICIÓN ORAL DOS TRABALLOS:

➤ A cada un dos grupos de lectura corresponderalle a exposición oral do libro lido. Cada curso, e nos grupos A e B, contará con dous días para a exposición, a razón de dous grupos de lectura por día.

ENTREGA DOS TRABALLOS ESCRITOS:

➤ Cada curso e grupo contará cunha data máxima marcada para facer a entrega do traballo do libro de lectura que, previamente, tivo que

redactar. A tal efecto, o profesor dálles un guión, perfectamente estruturado, para mellor poder confeccionar dito traballo.

LISTAXE DE LIBROS:

Pel de lobo de Xosé Miranda, (Xerais, Vigo, 2002).

Irmán do vento de Manuel Lourenzo González, (Xerais, Vigo, 2003).

Os dous de sempre de Castelao (Galaxia, Vigo).

Aire negro de Agustín Fernández Paz (Xerais, Vigo, 2000).

Game over de Santiago Lopo (Mandaio, Coruña, 2009) para aproveitar a súa visita ao noso centro

3ª avaliación:

Mandaróense dous libros neste trimestre:

Nun lugar chamado guerra, de Jordi Sierra i Fabra (Galaxia, Vigo, 2003).

Unha mada de doce relatos de Henrique Dacosta (Laivento, Ames, 2008).

Tiñan que presentar un traballo escrito e logo entraba tamén no exame trimestral.

RELACIÓN DE LIBROS PARA LER EN 4º CURSO DA ESO:

Os libros de lectura fican distribuídos da seguinte maneira para cada unha das avaliacións. O alumnado ten a opción de elixir entre os seguintes:

1ª avaliación:

Game over de Santiago Lopo para aproveitar a súa visita ao noso centro.

A sombra cazadora de Suso de Toro (Xerais, Vigo 1996).

Criminal de Xurxo Borrazás (Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1994).

Premios do Pedrón de Ouro. XXXII e XXXIII certame (Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 2008).

Código morse de Xavier Alcalá (Xerais, Vigo, 1996).

2ª avaliación:

Resistencia de Rosa Aneiros (Xerais, Vigo, 2002).

Dos arquivos do trasno de Rafael Dieste (Galaxia, Vigo)

Os desherdados, de Henrique Dacosta (Embora, Ferrol, 2006).

O paso do noroeste de Xavier Queipo (Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996).

3ª avaliación:

Made in Galiza de Sechu Sende (Xerais, Vigo, 2007).

A esmorga de Eduardo Blanco Amor (Galaxia, Vigo, 1986).

As humanas proporcións de Xesús Constenla (Galaxia, 2004).

Licor de abelá con xeo, de Xurxo Sierra Veloso (Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2006)

O prezo da tentación de Henrique Dacosta (Embora, Ferrol, 2008).

O sistema de avaliación é unha proba de control de lectura que conta ata dous puntos da nota da avaliación. O último trimestre farase un exame oral.

RELACIÓN DE LIBROS PARA LER EN 4º DC:

Traballamos as seguintes lecturas:

Primeira Avaliación:

Game over de Santiago Lopo (Galaxia, Vigo).

Segunda Avaliación:

Dous libros:

Dos arquiteiros do trasno de Rafael Dieste (Galaxia, Vigo)

Criminal de Xurxo Borrazás (Soteloblanco, Vigo, 1994).

Terceira Avaliación:

Os dous de sempre de Castelao (Galaxia, Vigo)

Unha mada de doce relatos de Henrique Dacosta (Laivento, Ames, 2008).

En todos os casos tiveron que entregar un traballo de cada lectura.

2.13. DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS:

No Departamento de Matemáticas incidiremos na lectura en voz alta, na interpretación e a comprensión dos enunciados de problemas para mellorar a comprensión lectora.

O traballo cos problemas de enunciados pode enfocarse da seguinte maneira:

Os problemas que achegamos como interesantes para mellorar a competencia lectora dos nosos alumnos son problemas de enunciados longos que esixen conseguir unha exhaustiva comprensión da lectura feita.

Seguiremos os seguintes pasos:

1. Lectura do enunciado con toda a atención.
2. Toma de notas, representando os datos esquematicamente nun gráfico, debuxo, esquema, etc., Con este obxectivo obrigámonos a ler con máis atención.
3. Explicalo coas propias palabras incidindo no que nos preguntan e no que sabemos.
4. Buscar estratexias para resolvelo:
 - a. É un problema para o que temos un sistema de resolución?
 - b. Busca da solución por ensaio-erro.
 - c. Facer preguntas intermedias.

- d. Resolver casos particulares máis sinxelos cós propostos, ou con números máis sinxelos.
5. Executar a estratexia que decidimos aplicar.
6. Se obtivemos solución, volver ler o enunciado comprobando que a solución cumpre as condicións que esixe o enunciado.
7. Redactar a solución.

Unha das profesoras do Departamento, membro activo do Equipo de Biblioteca, traballa na selección de lecturas que teñan algunha relación coa nosa área e distribúeas por cursos.

A través do noso blog (<http://cataboismatematicas.blogspot.com>) recoméndanse tamén, para os alumnos avanzados e que amosan interese, unha relación de libros que abordan de forma lúdica a nosa área e que xa foron adquiridos na biblioteca.

Concretamente este curso seleccionamos para cada nivel:

1º ESO:

Fabretti, Carlo: *Malditas matemáticas* (Alfaguara)

Gardner, Martin: *Matemática para divertirse* (Gránica Ediciones)

Sierra i Fabra: *El asesinato del profesor de matemáticas* (Anaya)

2º ESO:

Vallejo-Nájera, Alejandra: *¿Odias las matemáticas?* (Martínez Roca)

Moreno, Ricardo, Vegas, José Manuel: *Una historia de las matemáticas para jóvenes* (Nivola)

Hogben, Lancelot: *El maravilloso mundo de las matemáticas* (Aguilar)

3º ESO:

Corbalán, Fernando: *Matemáticas de la vida misma* (Grao)

Varios: *Las matemáticas a través de sus personajes* (Diputación de A Coruña)

4º ESO:

Corbalán, Fernando: *La matemáticas de los no matemáticos* (Grao)

Corbalán, Fernando: *La matemática aplicada a la vida cotidiana* (Grao)

2.14. DEPARTAMENTO DE E. FÍSICA:

Dende o noso Departamento apoiamos as actividades da biblioteca coa presenza no seu equipo dun dos seus profesores, concretamente facéndose cargo do Club de Lectura Xuvenil.

Tamén respectamos a actividade de “Hora de Ler”, momento en que o ximnasio se converte nunha biblioteca e todos lemos.

Pero dado a pouca carga lectiva da nosa materia e a falta de dinamismo dos alumnos, intentamos non quitar máis minutos á práctica do deporte.

No 4º curso, a nosa área participa nas Seccións Bilingües e, polo tanto, a clase impártese en inglés. Aproveitamos para mercar para a biblioteca algúns volúmenes en inglés que están a disposición de nosos alumnos. *Athletic Fitness for Kids* de Scott Lancaster e Radu Teodorescu, *Quality Lesson Plans for Secondary Physical Education* de Dorothy B. Zakrajsek, Lois A. Carnes e Frank E. Pettigrew Jr.; *Complete Physical Education Plans for Grades 7-12* de Isobel Kleinman. Os tres da editorial Human Kinetics.

3. ACTIVIDADES DESDE A BIBLIOTECA:

Desde a biblioteca apoiamos o Proxecto Lector con dous tipos de actividades, unhas primeiras dirixidas a todo o alumnado e outras dirixidas a un curso en particular.

Reseñamos aquí actividades xerais que veñen realizándose polo menos dende fai tres anos e que con distintas modificacións, queremos continuar. Tamén falaremos de dúas actividades novas introducidas este curso.

3.1. ACTIVIDADES PARA TODO O ALUMNADO:

3.1.1. CONCURSO SEMANAL:

Dende xaneiro a maio poñeremos en marcha o Concurso Semanal que levamos facendo fai dous cursos. Cada ano elixírase un tema conductor que será o mesmo para o resto de actividades da Biblioteca (2007/08, as viaxes; 08/09, a maxia; 09/10, a ciencia-ficción). Moitos Departamentos colaboran na elaboración de preguntas e pretendemos achegarlles a biblioteca aos rapaces e que a través dunhas preguntas sobre un tema, aprendan a investigar e a seleccionar información dende diferentes fontes: enciclopedias, a red...

A explicación dos obxectivos, metodoloxía, avaliación do Concurso pode verse no Anexo II da Memoria presentada ao Plambe.

3.1.2. TRÍPTICO DA BIBLIOTECA

Xa dende fai tres cursos, selecciónnase dous profesores do Equipo que dirixen a confección do tríptico trimestral durante todo o curso e que se elabora coa colaboración dun grupo de alumnos os recreos dos martes, coa

intención de recoller recomendacións de lecturas, comentar efemérides culturais, difundir actividades da biblioteca.

Os obxectivos, metodoloxía, recursos e avaliación desta actividade poden verse no Anexo IV da Memoria presentada ao Plambe.

3.1.3. CLUB DE LECTURA CATABOIS

O noso Club de Lectura Xuvenil leva tres anos funcionando dende outubro de 2007 como parte das actividades de fomento da lectura contempladas na Programación Anual da Biblioteca aprobada en Claustro e Consello como parte da Programación Xeral Anual. Ademais contamos cunha axuda extra de parte da Xunta na súa convocatoria de Clubs de Lectura.

Poden verse os seus obxectivos, dinámica, actividades, avaliación do noso Club no Anexo III da Memoria presentada ao Plambe.

3.1.4. DÍA DO LIBRO:

No noso centro, xa moito antes da nosa incorporación no Plambe, concretamente dende o curso 1999/2000, celebrabamos por todo o alto o Día do Libro, ben que dende o Departamento de Lingua Castelá e Literatura. A partires do curso 2004/05 eliximos un eixe temático cada ano:

2004/05: O Quixote.

2005/06: Os piratas.

2006/07: O terror.

2007/08: As viaxes (Xa dentro do Plambe e dependendo do Equipo da Biblioteca)

2008/09: A maxia.

2009/10: A ciencia-ficción.

A celebración consistía na convocatoria dun concurso de relato, poesía, marcadores de páxinas e carteis e na organización dunha Feira do Libro Usado e de Ocasións, ao termo da mesma entregábanse os premios do citado concurso.

A partir do curso 2007/08, no que entramos no Plambe, seguimos co noso concurso pero cambiamos a Feira (que se convertía ás veces nunha maneira de desfacerse de libros polo que non cumpría os obxectivos iniciais da actividade) por unha representación dos nosos traballos por Proxectos diante de todo o alumnado.

Este curso as actuacións foron moi exitosas e pode verse o seu resumo no Anexo I da Memoria presentada no Plambe.

3.1.5.SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:

A celebración desta Semana iniciouse o pasado curso 2008/09 no marco da biblioteca e en colaboración co Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística. Se ben xa dende moito antes, se celebraba o Día das Letras cos homenaxes ao escritor correspondente.

Durante a Semana das Letras Galegas celebramos distintos eventos, publicitados nos blogues o da biblioteca e o de lingua galega e literatura:

- Visita dos regueifeiros Luís o'Caruncho e Josiño da Toxeira e obradoiro de regueifas.
- Exposición sobre Uxío Novoneyra.
- Exposición de libros e materiais sobre Novoneyra e o Courel.
- Concurso de caligramas e poemas.
- Publicación dun boletín en colaboración co Equipo de Normalización e coa biblioteca do IES As Mariñas de Betanzos.

3.1.6. CLUB DE LECTURA DE ADULTOS:

Esta actividade nova dirixida aos pais, nais, avós, veciños de Catabois foi todo un éxito e **pode verse o seu desenvolvemento nos Anexos III e XIII da Memoria presentada no Plambe.**

3.1.7. “HORA DE LER”

Esta actividade tamén foi novidade deste curso e constitúe todo un reto a hora de convencer ao Claustro para ceder vinte minutos diarios das clases para ler e para organizalo de xeito adecuado. Non obstante, trala enquisa avaliadora temos que dicir que, con algunhas melloras, toda a comunidade educativa está a favor de continuar dita actividade o vindeiro ano, o que é a mellor sinal de que este ano foi bastante ben.

Pode verse todo o relativo a esta actividade no Anexo V da Memoria presentada ao Plambe.

3.2. ACTIVIDADES PARA ALGÚNS CURSOS:

A Biblioteca fomentará unha actividade por curso, ademais de insistir aos Xefes de cada Departamento na necesidade de programar actividades en cada área para o que contarán co apoio e asesoramento do Equipo de Biblioteca.

En 1º Curso: Proxecto Interdisciplinar: Viaxe a Lúa

En 2ª Curso: Teatro:Robbie de Isaac Asímov.

En 3º Curso: Teatro: Sin noticias de Gurb.

En 4º Curso: Teatro: Axencia de Viaxes interespacial. Lectura e presentación do libro de Santiago Lopo: Game over.

A descrición destes proxectos inclúese no Anexo I da Memoria presentada no Plambe.